

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### FERROL

##### Facenda e Patrimonio

*Aprobación das bases sobre o procedemento de libre concorrència para a cesión de uso dos locais dos andares 1º e 2º do Centro Comercial do Inferniño a entidades asociativas. Apertura do período de presentación de solicitudes*

##### EDITO

Por acordo plenario de data 26 de xullo de 2018 aprobáronse as bases sobre o procedemento de libre concorrència pra a cesión de uso dos locais dos andares 1.º e 2.º do Centro Comercial do Inferniño a entidades asociativas. Apertura do período de presentación de solicitudes.

Nos termos do artigo 45 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, procédese á súa notificación, mediante publicación.

**Primeiro.-** O contido das bases é como segue:

##### “TÍTULO I.- Procedemento.

##### Base 1.- Obxeto

Consiste no outorgamento, mediante procedemento aberto, e consonte ás condicións que polas presentes bases se expresan, da cesión de uso dos locais existentes nos pisos primeiro e segundo do centro comercial Portanova a prol de entidades sen ánimo de lucro, nos termos que se desenvolven nestas bases.

Como anexo a estas bases incorpórase a representación gráfica da disposición e metros dos ditos locais. A numeración asignada para os distintos locais no anexo será a referencia numérica a utilizar polos cesionarios no procedemento de licitación.

En todo o caso, exclúese do procedemento os locais numerados como 19 (antigo 307-309) -ao ter sido obxecto de aprobación plenaria de cesión- e os locais 1 e 14 -adicado a gardería-

##### Base 2.- Réxime xurídico

O marco normativo desta convocatoria está constituído polas seguintes disposicións legais:

- No relativo á súa preparación e adxudicación: será de aplicación a Lei 33/2003, do patrimonio das administracións públicas, na súa disposición de desenvolvemento. Nón previsto pola dita normativa, será de aplicación a lexislación en materia de contratos das Administracións Públicas.

- No relativo aos efectos e extinción: aplicarase a Lei 33/2003 e as disposicións de dereito privado vixentes.

##### Base 3.- Exclusiones

Quedan excluídas desta convocatoria as seguintes entidades:

- As que teñan ánimo de lucro.
- As que non estean inscritas no rexistro municipal de entidades cidadás.
- As que non teñan un mínimo de vinte socios nos termos indicados na cláusula 6.2.a).
- As que, atendendo ás lexislacións sectoriais de seguridade, etc aplicables aos locais, así coma a os usos propostos polas asociacións, non existe compatibilidade entre os ditos usos e as ditas normas.
- As asociacións de veciños, as cales serán atendidas -no seu caso- mediante procedementos específicos.

##### Base 4.- Entidades solicitantes, requisitos, obrigas e difusión:

##### 4.1.- Solicitantes:

Poderán concorrer a esta convocatoria todas aquelas asociacións, sen ánimo de lucro, inscritas no rexistro municipal de entidades cidadás cuxos fins sociais incidan nas materias que son obxecto de competencias deste Concello, e que cumpran os requisitos desta convocatoria.

**4.2.- Requisitos:**

Para ser beneficiarias das axudas, as ditas entidades deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas coma tales, sen ánimo de lucro, e inscritas no rexistro municipal de entidades do Concello de Ferrol.
- Ter os seus estatutos adaptados á Lei orgánica 1/2002.
- Cumprir os requisitos desta convocatoria
- Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial da localidade ou sobre temas de interese para ela.

**4.3.- Obrigas:**

- Realizar as actividades e cumprir cos fins e propósitos que fundamenten a cesión de uso
- Acreditar ao Concello de Ferrol a realización da actividade e o cumprimento dos fins que determinaron a cesión de uso, nos termos que se indiquen.
- Someterse ás actuacións de comprobación adoptadas dende esta Administración.
- Facer constar en calquera actividade desenvolta pola asociación beneficiaria, a colaboración do Concello de Ferrol nela.
- Aquelas asociacións que concorran a este proceso selectivo dispondon dun local, deberán renunciar ao mesmo, desvinculándose do seu uso, de xeito previo á adxudicación dun dos locais obxecto das presentes bases, nos termos indicados na base 7.3

**Base 5.- Solicitudes:**

As solicitudes deberán formularse nos modelos normalizados que se facilitarán no Rexistro Xeral do Concello de Ferrol así como na páxina web do Concello de Ferrol.

**6.1.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes**

<b>Lugar de presentación:</b>	No Rexistro Xeral do Concello ou en calquera outros rexistros e oficinas ás que se refire o art. 16.4 da Lei 39/2015
<b>Prazo:</b>	20 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

**6.2.- Documentación:****a) Documentación xeral:**

- (\*)Copia compulsada da tarxeta do NIF da entidade
- (\*)Copia compulsada do DNI da persoa que actúa coma representante e documento que acredite a súa representación.
- (\*)Copia compulsada dos estatutos, na súa redacción vixente, da entidade.
- Certificación orixinal acreditativa do acordo, adoptado polo órgano competente da entidade, de solicitude da cesión de uso.
- Certificación que acredite o número de socios activos (tendo esta consideración os que estean ao corrente no pago das súas cotas) da entidade.
- Certificacións acreditativas de estar ao corrente a entidade das súas obrigas de carácter tributario, da Seguridade Social e dos tributos municipais.
- Declaración xurada do/a representante da entidade de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar coa Administración, establecidas no artigo 71 do lei de contratos do sector público ley 9/2017

(\*) No caso de que esta documentación xa esté no órgano xestor da subvención non será necesario entregala, agás que se produxera algún cambio. Deberá indicarse esta situación no modelo de solicitude e, de ser o caso, declaración xurada de que a documentación existente non sufriu variación ningunha.

**b) Documentación específica:**

Memoria asinada polo representante legal da entidade comprensiva dos seguintes apartados:

- Relación de actividades desenvoltas ao longo do exercizo 2017 (con indicación dos participantes nelas) con xustificación documental, gráfica, etc do desenvolvemento das ditas actividades.

- Relación de actividades que se estean a desenvolver, ben de xeito efectivo ou ben que estean programadas, no exercizo vixente.

- Explicación acreditativa da incidencia das actividades, ben desenvoltas ben previstas, nos intereses da poboación deste municipio.

No caso de que a documentación presentada fose incorrecta ou insuficiente, daráselle á entidade solicitante un prazo de 10 días hábiles para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos. Pasado o dito prazo sen que a entidade interesada atenda ao requerimento, entenderase que desiste da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no art. 21 da Lei 39/2015.

## Base 7.- Resolución

### 7.1.- Comisión de valoración

Crearase unha comisión avaliadora que será a encargada de valorar as solicitudes presentadas segundo os criterios de valoración e, posteriormente, realizar unha proposta motivada.

A comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

- Presidencia: o alcalde, ou concelleiro/a na que delegue.
- Vogais: un representante de cada un dos grupos municipais do Concello de Ferrol e un funcionario/a municipal de cada unha das seguintes áreas: Patrimonio, Participación Cidadá, Emprego, Cultura e Benestar Social.
- Secretario/a da comisión avaliadora: o secretario xeral do Concello ou funcionario/a en quen delegue.

### 7.2.- Valoración das solicitudes

A valoración das solicitudes realizarase de conformidade cos seguintes criterios de valoración:

Criterios de valoración	Puntuación
Nivel de representatividade da asociación (número de socios/as que estean ao corrente no pago das cotas)	Ata 20 puntos
Número de actividades desenvolvidas, e participantes nelas no exercizo 2017	Ata 35 puntos
Actividades correspondentes ao exercizo 2018 (unicamente as xa executadas) previstas e a súa incidencia nos intereses da poboación municipal	Ata 35 puntos
Actividades desenvoltas, ou cuxo ámbito de influencia sexan os Ensanches A e B	Ata 10 puntos

O primeiro dos criterios valorarase mediante asignación do máximo de puntos á entidade ou entidades que acrediten un maior número de socios ao corrente no pago das súas cotas, aplicando unha regra proporcional para a asignación de puntos ao resto das entidades. Os criterios segundo e terceiro efectuarase a asignación de puntos de xeito razoado atendendo, tanto ao número de actividades prestadas ou programadas (e os seus beneficiarios), coma aos intereses da poboación municipal que se pretende satisfacer, valorando -especialmente- aqueles intereses que, no día da data, estean sendo menos atendidos por outras iniciativas públicas ou privadas. Por último, o criterio cuarto valorarase atendendo ao maior número de actividades que impriquen os Ensanches A e B, así coma ao número de usuarios das ditas actividades.

En todo o caso, e nos termos antes indicados, unicamente serán valorables as actividades que incidan naquelas materias de competencia municipal.

### 7.3.- Concesión

O outorgamento das cesións de uso dos locais realizarase mediante acordo do Pleno da Corporación, atendendo ás valoracións resultantes das ponderacións realizadas pola comisión referida no punto 1 desta cláusula. Nese senso, asignados os puntos resultantes da ponderación realizada, ordearase de maior a menor as entidades participantes -atendendo á puntuación obtida- tralo cal, e por ese orde, escollerán -sucesivamente- os locais dispoñibles. Únicamente no suposto de que o número de entidades concorrentes, e admitidas, sexa inferior ao número de locais dispoñibles, a entidade poderá obter -chegado o seu turno- a dous locais. Neste suposto, a entidade deberá xustificar -ben, a través do número ou natureza das actividades acreditadas, ou ben, de calquera outro xeito fehaciente que o acredite- a oportunidade de acceder aos locais para atender ás súas necesidades. Unha vez que -chegado o caso- se igualen o número de entidades restantes co número de locais pendentes de adxudicar concluirá a facultade de obter a máis dun local. As ditas necesidades, e a adxudicación resultante serán valoradas pola comisión de valoración.

No caso de que, requerida a entidade para que exercite o seu dereito de opción ésta non manifeste nun prazo de 48 horas o local escollido, implicará a renuncia ao seu dereito, correspondéndolle á seguinte da listaxe de entidades propostas a exercer o dito dereito.

De igual xeito, para aquelas entidades que xa dispoñan dun local propio, deberán de formalizar -neste intre- o compromiso e prazo para o abandono do local do que dispoñan.

#### **Base 8.-Notificación e publicidade da resolución**

As cesións de uso outorgadas publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Ferrol.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución expresa ás entidades será de seis meses a contar a partir do día seguinte á data de remate do prazo de presentación das solicitudes. En todo o caso, si o número de solicitudes formuladas poidera supor un incumprimento deste prazo máximo poderá acordarse de xeito motivado a ampliación do mesmo, nos termos legalmente establecidos.

En todo o caso, o silencio terá carácter desestimatorio.

O acto de resolución das cesións de uso esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a ditou dentro do prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ao da súa notificación ou ser impugnados directamente ante a orden xurisdiccional contencioso-administrativo de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

#### **Base 9.- Acreditación do cumprimento dos fins que determinaron a cesión de uso.**

Transcorrido un ano dende o outorgamento das cesións de uso, o representante legal da entidade cesionaria deberá presentar unha memoria xustificativa, e acreditativa (soporte gráfico dos eventos, ou calquera outro medio que permita a constatación dos mesmos) do desenvolvemento das actividades prestadas, así coma do programa de actividades que se desenvolverán no seguinte exercizo, con indicación de datas, lugares e beneficiarios aos que vaian destinados, indicando o interese xeral que se pretende atender.

#### **Base 10.- Autorizacións administrativas**

A entidade colaboradora encargarse de conseguir calquera tipo de autorización que deba obter das administracións competentes, incluída a municipal, para a realización das actividades recollidas nas memorias, sendo, así mesmo, a única responsable do seu cumprimento, ou dos danos e perxuizos que -no seu caso- se causaren a terceiros.

#### **Base 11.- Uso da lingua galega.**

As comunicacións co Concello de Ferrol así como as difusións relativas ao obxecto desta convocatoria deberán facerse en galego en cumprimento da Ordenanza Municipal de Normalización Lingüística.

### **TÍTULO II.- Réxime xurídico da cesión de uso.**

#### **Base 12.- Execución de obras**

Corresponderalle ao cesionario -previa autorización do concello- a realización de calquera obra que sexa necesaria nos locais obxecto de cesión, sen que esta Administración asuma gasto algún relativo aos mesmos, sexa cal sexa a finalidade da obra que se execute nelas. Nese senso o cesionario, mediante a súa sinatura no intre da formalización da cesión manifesta de xeito expreso que coñece e acepta o estado do local obxecto de cesión.

De xeito específico, a adecuación da rotulación exterior do local obxecto de cesión, coma sede asociativa, deberá de efectuarse no prazo de seis meses a partir da formalización da cesión.

#### **Base 13.- Gastos correntes**

Corresponderanlle aos cesionarios os gastos correntes, incluídos os consumos ordinarios de enerxía eléctrica e auga. De igual xeito corresponderá ao cesionario calquera gasto relativo ao mantemento do inmovible.

#### **Base 14.- Destino do local**

O uso do dito local será, obrigatoriamente, a execución das actividades que motivaron a cesión así coma o resto de actividades ordinarias da entidade cesionaria, segundo os seus estatutos vixentes.

#### **Base 15.- Responsabilidade por danos, no local e danos a terceiros**

O cesionario será responsable de calquera dano ou deterioro do referido local en caso de que se produza con ocasión do uso do local. Neste senso, e sen perxuízo do abono dos danos que se causen, será de aplicación a potestade sancionadora contra o titular do dereito de cesión, nos termos establecidos na Lei 33/2003 (lei de patrimonio das administracións públicas).

Así mesmo será responsable dos danos que -no seu caso- se causen a terceiros con ocasión das actividades programadas ou desenvolvidas por el, debendo -para elo- suscribir o correspondente contrato de seguros.

#### **Base 16.- Reversión**

Unha vez rematada a cesión de uso quedará a prol deste Concello calquera obra, incluídas as de mellora, realizadas polo cesionario.

#### **Base 17.- Extinción**

A duración da cesión extinguirase transcorrido o prazo de dez anos dende a notificación da resolución das solicitudes de cesión. En todo o caso poderá o Concello cedente recuperar o uso obxecto de cesión cando necesite o local do que se cede o uso para un fin distinto e de maior interese que o que se deriva do presente convenio; cando considere que o uso real do local non satisfaga os intereses xerais; ou en calquera dos casos recoñecidos na Ordenanza que regula a cesión de locais.

En todo o caso, e atendendo ao necesario investimento que deberán de realizar os adxudicatarios nos locais establécese un compromiso, por parte desta Administración -agás incumprimento manifesto do cesionario- de non exercitar a facultade de recuperación indicada no parágrafo anterior durante un prazo de 3 anos, a contar dende a entrega do local por parte do Concello.

O incumprimento de calquera das obrigas por parte do cesionario, incluída a súa obriga de presentar a memoria xustificativa das actividades desenvolvidas e o programa para o exercizo seguinte, así coma -para aquelas entidades que xa dispuxesen dun local propio de xeito previo á adxudicación dun dos locais obxecto das presentes bases- o incumprimento da súa obriga do abandono coma local social de aquél, determinará a resolución da cesión de uso.

#### **Base 18.- Vixencia da prelación de asociacións derivadas das bases**

Concluída a fase de baremación, a relación de asociacións resultante, atendendo á puntuación obtida manterá un vigor de tres anos. Este prazo comezará a contabilizarse dende a formalización das cesións.

Si dentro deste período calquera das asociacións ás que se asignou un local perde ou renuncia ao seu dereito de uso do mesmo, éste dereito corresponderá á asociación que figure en primeiro lugar -nese intre- da dita relación.

En todo o caso, para a formalización da cesión de uso a prol da dita asociación será necesario a achega por ésta da memoria indicada na base 6.2.b) -agás que transcorrerá menos dun ano entre a data da memoria presentada na fase de concurso, e a perda ou renuncia do dereito de uso por parte da asociación á que se lle recoñecera o dereito-.

Presentada a dita memoria, no seu caso, e resultando acreditado a continuidade da actividade da dita asociación nese intre, asignarase o uso da vacante á mesma.

Si no prazo de vinte días, dende a data do requerimento non presentase a dita memoria, ou presentada, se deduxera a inactividade da dita asociación, o dereito -nos termos antes indicados- corresponderá á seguinte asociación na listaxe, pauta que se aplicará ata a asignación efectiva do local vacante.

#### **Base 19.- Normativa aplicable**

En todo o non recollido nas presentes bases será de aplicación a ordenanza que regula a cesión de locais municipais, así coma a lexislación patrimonial das administracións públicas e o código civil e resto de lexislación de dereito privado que lle resulte aplicable.”.

**Segundo.-** Nos termos de ditas bases, e a partir do día seguinte da publicación do presente edito, os interesados poderán presentar ás súas solicitudes de regularización no rexistro xeral deste Concello, nos termos e coa documentación indicadas nas mesmas.

Contra as bases recollidas baixo o epígrafe primeiro do presente edito poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición diante do órgano que ditou a resolución dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto no art. 123 da Lei 39/2015 reguladora do procedemento administrativo común das administracións públicas. Sen perxuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo diante do xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses a contar a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevenida no art. 45 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa (BOE 14-07-1998). Non obstante, poderá utilizar calquera outro que considere conveniente.

Ferrol, 11 de setembro de 2018.

O alcalde, Jorge Juan Suárez Fernández